CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/U040/000001

ANUNCIO

Aprobación inicial do proxecto de expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta para a adquisición de terreos destinados ao sistema viario en Portomedal, Coucieiro (Val do Dubra), asinado por Isidro López Yáñez, arquitecto colexiado nº 2261, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei do solo de Galicia,

Mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2026, aprobouse inicialmente o proxecto de expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta para a adquisición de terreos destinados ao sistema viario en Portomedal, Coucieiro (Val do Dubra). Así mesmo, segundo a devandita resolución acordouse someter a información pública por un período dun mes dito proxecto, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia nun dos diarios de maior circulación da provincia, así como proceder á notificación individualizada co traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios dos criterios de valoración a tódolos que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamación consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do xusto prezo por idéntico prazo dun mes. A relación de bens e dereitos afectados é a seguinte:

1 Finca nº: 1
Referencia catastral: **15089B513101180000DW**
Titulares:
- LIMIA NOVOA, CÉSAR (USUFRUCTUARIO) 10% cota sobre o xusto prezo
- LIMIA BLANCO, ANA CRISTINA (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo
- LIMIA BLANCO, GUILLERMO GUSTAVO (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo
- LIMIA BLANCO, CESAR (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo Superficie total da finca (catastral): 76 m2

Superficie afectada: 76 m2
Clasificación urbanística: Solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (ordenanza NR)
Situación básica do solo: Urbanizado
Outros bens afectados: 6 m3 balado de pedra 4 ud tuia adulta

2 Finca nº: 2
Referencia catastral: Non consta
Titulares:
- LIMIA NOVOA, CÉSAR (USUFRUCTUARIO) 10% cota sobre o xusto prezo.
- LIMIA BLANCO, ANA CRISTINA (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo.
- LIMIA BLANCO, GUILLERMO GUSTAVO (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo
- LIMIA BLANCO, CESAR (NUDO PROPIETARIO)- 30% cota sobre o xusto prezo Superficie total da finca (catastral): 45 m2 Superficie afectada: 45 m2

Clasificación urbanística: Solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (ordenanza NR)
Situación básica do solo: Urbanizado
Outros bens afectados: 1 m3 formigón en columna, 1 ud. Traslado depósito auga (1.000 l), 18 m2 muro de bloque e pp cimentación, 30 m maia de arame, 12 ud poste de formigón, 2 m3 muro de formigón.

Durante dito prazo, as persoas interesadas poderán examinar o seu contido na sede electrónica do Concello de Val do Dubra e, presencialmente, nas dependencias municipais, a fin de que pidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, en particular no referente á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidera practicar, a publicación deste anuncio servirá de notificación co alcance e a finalidade previstos no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da preceptiva publicación no BOE.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe
O Alcalde Diego Luis Díaz Méndez

CVD: NvmShmOe9uVHRanhFbB3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/